

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	LINGUA GALEGA	Pág.	
Curso	1º curso primaria		
Profesor/a	LUIS BARREIRO CAAMAÑO		

CONTIDOS

- Asociar as grafías das letras cos seus sons, o seu nome e escribilas co trazo correcto.
- O artigo e as contraccións.
- Escritura de oracións.
- O adxectivo.Concordancia.
- Palabras e oracións.
- O verbo:Presente, pasado e futuro.
- A oración:Suxeito e predicado.
- Ortografía:Palabras con mb, mp, uso das maiúsculas.
- Lectura comprensiva de textos sinxelos.
- Ampliación de vocabulario.
- Descrición dun personaxe.

Escritura de frases, contos e textos breves.

OBXECTIVOS

- Distinguir e pronunciar tódolos sons correctamente.
- Comprender un texto axeitado a súa idade.
- Escoitar e comprender aos demais.
- Comprender e utilizar axeitadamente o vocabulario apropiado a súa idade .
- Expresarse oralmente de maneira clara .
- ler textos coa entoación, articulación , ritmo , fluidez,expresividade e seguridade necesarios.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar, preguntar e comprender.
- Aceptar as aportacións dos demais.
- Participar en diálogos e conversacións respetando as normas.
- Iniciarse na adquisición do hábito pola lectura.
- Utilizar os libros como medio de disfrute e diversión.
- Preocuparse pola presentación dos seus escritos.

METODOLOXÍA

Será activa, participativa e globalizadora, partindo do que os alumnos xa saben para chegar aos novos coñecementos e favorecendo as actitudes de respecto e colaboración cos seus compañeiros e o interés por aprender.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e formativa e terá en conta o progreso do alumnado, tanto nos seus procedementos como no resultado final. Tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación establecidos para este ciclo. Darase importancia á actitude do alumno ante a asignatura, tendo en conta aspectos como a implicación, o interese persoal e a cooperación cos compañeiros.

Como instrumentos para avaliar detacaranse as actividades do libro de texto, fichas de formato libre e as saídas ó encerado.